




MIGUEL DE
CERVANTES

VS



WILLIAM
SHAKESPEARE

CERVANTES Vs SHAKESPEARE

(400 anos despois)

PÚBLICO	Público familiar / Infantil a partir de 4 anos
DURACIÓN	50 - 60 min
CATEGORÍAS	Animación lectura / historia / Int-Ext
SINOPSE	<p>Estes dous autores son os pilares da literatura tal e como hoxe a coñecemos. Comparten a súa paixón polas letras, o pertencer a unha época chea de luces, ...e por desgracia comparten tamén a data da súa morte. Na súa homenaxe escolleuse esa data para celebrar o Día do Libro.</p> <p>A partires destes dous autores Caxoto achegaranos a esta época tan interesante na que o ser humano se decide a coñecer e entender o mundo no que vivimos. Unha viaxe chea de aventuras, emocións, descubrimentos, personaxes fascinantes... Unha viaxe no tempo para coñecer quen somos e de onde vimos.</p>
NECESIDADES TÉCNICAS	<p>Luz escénica básica</p> <p>Conexión eléctrica</p> <p>Escenario mínimo recomendable: 5 m (boca), 4 m (fondo), 4 m (alto)</p> <p>Equipo de son adaptado ao espazo (o espectáculo conta cun equipo de son de 300w)</p>



IMAXINARIO

Viaxaremos dereitiño cara ao renacemento e as súas persoaxes máis relevantes



Un espectáculo onde a aventura se atopa na lectura



Feitos históricos, anécdotas, personaxes, guerras, grandes viaxes, descubrimentos, ...



**A TRASTENDA
DOS CONTOS**

@caxoto_

653 61 61 26

caxoto@atrastendadoscontos.com

www.atrastendadoscontos.com

SOBRE CAXOTO

CAXOTO

Caxoto é a persoa que se atopa tras do mostrador na Trastenda dos Contos. Mestre en educación primaria e sempre ligado ao espazo escénico entra en contacto coa narración oral coa súa chegada á Editorial Kalandraka no 2004. Alí logo de formarse como narrador asume a campaña de animación á lectura que o leva por colexios e bibliotecas de toda Galicia.

A partir de aí comeza un longo camiño no que ir definindo o contador que chegou a ser ben a partires do seu traballo ben a través da formación con algunhas das figuras máis relevantes da narración oral: Paula Carballeira, Cándido Pazó, Celso F. Sanmartín Campanari, Mercedes Hernández, Carolina Rueda, as Escolas de verán de AEDA, ...

Caxoto Contacontos percorreu varias veces toda a xeografía galega con espectáculos de narración oral para público infantil, adolescente e adulto. O seu contar é sinxelo, directo, retranqueiro e cheo de emocionalidades. O seu amplo repertorio toca todos os paus da narración oral: conto tradicional, contemporáneo, contos de creación propia, historias de vida, ... e no seu contar non hai temas tabú.

Dende que no ano 2015 decide vivir exclusivamente do conto participa e repite en varios festivais de teatro e/ou narración oral que o leva por distintos puntos da xeografía española.

- Festival EVA -En Veu Alta (Cataluña)
- Festival Contando Cuentos (Salamanca)
- MIT (Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia)
- La senda del cuento (Toledo)
- Maratón de los cuentos Guadalajara (sección Inauditos)
- Festival "Falando a Boca Chea" (A Coruña)
- Festival Núbebes (Pontevedra)
- Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT)
- Festival Atlántica (Santiago de Compostela)
- Festival EVA- Era Uma vez no Atlántico (Madeira-Portugal)

